

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE XUÑO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Quedou pendente para un mellor estudo.

2.- EXPEDIENTE 2424/2017. LICENZA DE OBRA. EXP 8642/16.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para instalación de explotación de porcino en Albarellos, Lalín.

3.- EXPEDIENTE 2391/2017. LICENZA DE OBRA. PRÓRROGA EXP. 6349/11.

Acordouse CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA para acondicionamento dun edificio na Avda. Monte Faro, 14-Lalín.

4.- EXPEDIENTE 2147/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparar danos producidos no temporal no edificio sito na rúa B, Lalín.

5.- EXPEDIENTE 2416/2017. CPF FESTAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA. XUNTANZA VECIÑOS RÚA AREAL. BAR O PINCHO.

Acordouse ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS consistente na primeira xuntanza de veciños da rúa do Areal.

6.- EXPEDIENTE 62/2017. CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. CSE082017 . LIMPEZA CEIP E ESCOLAS

INFANTÍS.

Acordouse aprobar o expediente de contratación denominado “SERVIZODE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN”.

7.- EXPEDIENTE 32/2017. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO "SERVIZO DE GUINDASTRE PARA O CONCELLO DE LALÍN" (CSE052017).

Acordouse adxudicar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE GUINDASTRE PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

8.- EXPEDIENTE 1428/2017. PROGRAMA VIVENDAS BALEIRAS. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E MAILOS SEUS ANEXOS.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DO CONCELLO DE LALÍN.

9.- EXPEDIENTE 1419/2017. BASES CONCESION BOLSAS. CURSO 2017 2018.

Acordouse aprobar as bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo.

10.- EXPEDIENTE 2448/2017. PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN - SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS 2017- SELECCIÓN DUN TÉCNICO A DE COMERCIO.

Este punto da orde do día foi incorporado por erro, á orde do día xa que o acordo correspondente a este expediente foi adoptado na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o pasado día 12 de xuño de 2017.

11.- EXPEDIENTE 2643/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS) RELACIÓN 00047 XGL 19 DE XUÑO.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00047 por importe de 55.203,09 €.

12.- EXPEDIENTE 2262/2017. XANTAR NA CASA.

Acordouse aprobar unha alta de solicitante no programa de Xantar na casa.

13.- EXPEDIENTE 1105/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión unha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.

14.- EXPEDIENTE 2631/2017. BAIXA POSTO FEIRA 2017.

Acordouse aprobar admitir a solicitude de baixa de posto nº 125 de venda ambulante na

Feira do Concello de Lalín.

15.- EXPEDIENTE 2564/2017. DEVOLUCIÓN AVAL DIN.

Acordouse proceder á devolución do aval constituído como garantía parao contrato de alugamento de fotocopiadora para Alcaldía do Concello de Lalín.

16.- EXPEDIENTE 2633/2017. DEVOL. ING. INDEB. CAMPAMENTOS.

Acordouse aprobar a devolución de ingresos indebidos correspondente ao Prezo Público pola Prestación do Servizo de Campamentos do Concello de Lalín aboado con data 6 de xuño de 2017 por tratarse dun ingreso excesivo e polo tanto dun ingreso indebido.

17.- EXPEDIENTE 2362/2017. DACION DE CONTA DA CONCESION DE SUBVENCION PARA "ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACION DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALIN. PLAN CONCELLOS 2017. LIÑA 2.

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención ao abeiro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

18.- EXPEDIENTE 2363/2017. DACION DE CONTA DA CONCESION DE SUBVENCION PARA "PROMOCION E DINAMIZACION DO PROGRAMA ACTIVO ROTEIROS DE LALIN". PLAN CONCELLOS 2017. LIÑA 2.

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención ao abeiro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

19.- EXPEDIENTE 2663/2017. SOLICITUDE BALONMÁN LALÍN CAMPAMENTO VERÁN.

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración da Iª Edición dun Campamento de Verán.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 603/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES EXP 7728/14. CORRECCIÓN DE ERROS.

Acordouse corrixir o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14/03/2016 (exp. 603/2017-antecedente exp. 7728/14).

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2776/2017. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA O USO DE ALBERGUES MUNICIPAIS NO DESENVOLVEMENTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DO MAR.

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA O USO DE ALBERGUES MUNICIPAIS.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2494/2017. CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2017.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2017.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2742/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN "REFORZO DE PAVIMENTO DE PISTAS DE SOUTOLONGO, SELLO E MONEIXAS. PLAN CONCELLOS 2016. LIÑA1.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “REFORZO DO PAVIMENTO DE PISTAS EN SOUTOLONGO, SELLO E MONEIXAS”.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2335/2017. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN: PROCESO DE SELECCIÓN AXENTE NOTIFICADOR/A-CONSERXE, FUNCIONARIO/A INTERINO/A, POR CONCURSO-OPOSICIÓN.

Acordouse facer pública a relación de aspirantes que superaron todos os exercicios do proceso selectivo.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2595/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN SINALIZACIÓN CASTRO DE DOADE.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da SINALIZACIÓN DO CASTRO DE DOADE.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2778/2017. SOLICITUDE DE USO DA MESA E CARBALLEIRA DO RODO PARA CELEBRACION DE MERENDA.

Acordouse conceder autorización municipal para facer unha merenda na Carballeira do Rodo.

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2094/2017. TRANSMISION SEPULTURA.

Acordouse aprobar transmitir a concesión da sepultura nº 575 do Cemiterio Municipal da Romea.

28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2089/2017. CORRECIÓN DE ERROS DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORA EN ZOBRA (PLAN CONCELLOS 2016-LIÑA 1).

Acordouse corrixir o erro padecido no EXPEDIENTE 2089/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DE DEPURADORA EN ZOBRA.

29.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2086/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados da ocupación de vivenda.

30.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2040/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados da ocupación de vivenda.

31.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2545/2017. CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2017.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2017.

32.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2670/2017. AUTORIZACIÓN AO ESCRITO PRESENTADO POLA "XUNTANZA VECIÑAL".

Acordouse conceder autorización municipal para o uso/ocupación de vía pública e alteración do tráfico para os días 23 e 24 de xuño de 2017, dende o venres día 23 de xuño de 2017 ás 9:00 horas de mañá ata o sábado día 24 de xuño de 2017 ás 12:00 horas do mediodía, na PO-206, entre a intersección da rúa 32 e a rotonda do vial SGV-5 (N-640), para a celebración da festividade de San Xoán.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe